

# As secas chegaron a Galiza

***As secas tamén chegan a Galiza, axudadas polo cambio climático, como a do outono do 2010. Veremos que solucións se lles dan.***

IAGO LOJO, FRANCISCO LAMPÓN, JOSÉ CARLOS ROMERO. Marzo 2012.

A primavera de 2011 foi a máis seca dos últimos 50 anos, unha tendencia que continuou no verán dese mesmo ano, cando só destacaron as fortes choivas que afectaron ás Rías Baixas. Hai motivos para a alarma?


Unha das maiores ameazas ambientais no mundo é a desertización, relacionada coa perda da biodiversidade e co cambio climático, pois o aumento das temperaturas e a diminución das choivas son efectos da deforestación e o aumento das emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera. As previsións son que os períodos de seca van ser máis frecuentes e máis intensos cós actuais. Se non se levan a cabo políticas adecuadas, estímase que o 70% do planeta estará afectado pola seca en 2025 (agora achégase ao 50%).

Para a Península Ibérica, recentes informes científicos indicannos que os efectos da desertización van ser máis intensos que no resto de Europa, comezando unha “africanización do clima”. O cuarto meridional ten temperaturas medias iguais ás do norte de Marrocos hai vinte e cinco anos. Ademais, perdeuse o 85% da superficie dos glaciares pirenaicos. E prevese a diminución do 20% das precipitacións para 2100, co conseguente aumento da frecuencia e intensidade dos incendios. Unha negra situación, que afecta aos espazos naturais, aos cultivos agrícolas e a toda a poboación. Segundo Greenpeace, “as consecuencias ambientais, sociais e económicas da falta de previsión na xestión da auga serán dramáticas se non tomamos medidas urxentes. Os períodos de seca e escaseza converteranse en crónicos en boa parte da Península Ibérica”.



*En partes de Galiza os solos poderían quedar desta forma se continúa a seca.*

Aínda que Galiza non é o sur da península, o tempo rexistrado nos primeiros nove meses do 2011 caracterizouse por ser especialmente seco. Un informe presentado por Meteogalicia constatou que o período comprendido entre marzo e outubro dese ano foi o máis seco desde que se rexistran os datos climatolóxicos, agás o ano 1990. En outubro recolléronse en Galicia entre 5 e 10 litros por metro cadrado, cando o habitual é entre 200 e 250. Os encoros estiveron 16 puntos porcentuais por debaixo da súa capacidade, con respecto ao ano anterior. Moitas comunidades de usuarios víronse obrigadas a limitar o gasto de auga e en sectores clave da nosa economía como a agricultura producíronse perdas ao recoller as colleitas. Non se chegou a declarar a situación de emerxencia, pero crese que a situación non vai variar. Así o percibe a poboación: “Antes chovía bastante máis que agora”, asegura Maruja Santiago Ríos, veciña da Pobra do Caramiñal.



*Grafica coa evolución do volume das augas das choivas.*

Durante eses meses, desde a Consellería de Medio Ambiente fíxose un chamamento ao uso responsable da auga lembrando que se cada un dos galegos e galegas introducise nas súas rutinas pequenos xestos á hora de consumir, aforrariáanse ata 400 litros de auga ao día nunha vivenda. Por exemplo, asegurarse de que as billas non goteen evitaría a perda duns 30 litros ao día. Concellos como o de Pontevedra tamén lles pediron aos seus veciños que fíxesen un consumo responsable da auga e decidiron limitar a rega de parques e xardíns, así como medir o gasto industrial. Augas de Galicia, organismo dependente da Consellería, recomendou “lavar os dentes coa billa pechada, co que contribuiremos a aforrar 12 litros por minuto”. En relación coas tarefas domésticas, lembrou que “poñer o lavalouzas e a lavadora cando estean cheos implican un aforro de 80 litros de auga”. Tamén transmitiu outras indicacións, como regar nas horas de menos calor, é dicir, a primeira hora da mañá ou ao atardecer e seleccionar os sistemas de rego que máis se adapten aos obxectivos que se marquen.

### **Son medidas especiais ou habituais?**

Realmente, foron moitos os lugares de Galiza nos que houbo restricións de consumo de auga, mesmo a través de bandos municipais, como no concello do Rosal. A Xunta mantivo unha especial atención á situación e aos caudais coa finalidade de poder activar medidas que garantisen o abastecemento. Así, Augas de Galicia convocou a mediados de outubro a Comisión Autónoma de Seguimento da Seca para facer un control coordinado das reservas de auga e desenvolver as actuacións necesarias. No caso de fallo no subministro, levaríanse a cabo unha serie de medidas, entre as que destacaban a chegada de auga mediante cisternas á poboación e a realización de obras hidráulicas de urxencia.

Mais, entidades sociais e políticas denunciaron a falta de previsión das institucións autonómicas, ao convocar tarde a Comisión. Tamén reclamaron que se acabe co mito de que en Galiza sobra auga e que se impulse a cultura da reutilización. Asociación ecoloxistas como ADEGA manifestaron que a situación debe tomarse como un problema ambiental non soamente cando se produce a seca e demandaron medidas a medio e longo prazo que permitan reducir o actual abuso de auga. “O problema só está de actualidade durante épocas de seca, pero cando chove dáse por solucionado, a pesar de que non vai a ser un fenómeno puntual”, indican desde ADEGA. Entre as propostas están reutilizar a auga da choiva e as augas grises (as lixeiramente sucias recollidas da bañeira, lavabos e lavadora) ou instalar mecanismos aforradores de auga en edificios públicos e de nova construción.

Porque se dentro de varios anos non varía o tempo, poderase dicir que o clima de Galicia é seco.